

BASES COMPETICIÓN

COPA GALICIA TEMPADA 2024-2025

SÉNIOR FEMININA

EQUIPOS PARTICIPANTES:

Nesta competición participan os cinco equipos que na tempada 2023/24 competiron na División de Honra Prata Feminina e os tres equipos mellor clasificados da 1ª Autonómica Feminina.

CATEGORÍA	EQUIPO
División de Honra Prata Feminina	Solimusic Events Carballal
División de Honra Prata Feminina	SAR Rodavigo
División de Honra Prata Feminina	Oliveira Faro Saeplast Cañiza
División de Honra Prata Feminina	Inelsa Solar Asmubal Meaño
División de Honra Prata Feminina	Rubensa Indupor Bm. Porriño
1ª Autonómica Feminina	Tapería dos Chata Bm. Cangas
1ª Autonómica Feminina	Calvo Xiria
1ª Autonómica Feminina	CdeC Lavadores Vigo

FORMATO DE COMPETICIÓN:

Todos os equipos participantes entrarán nunha eliminatoria de cuartos de final, sendo cabezas de serie e indo por diferentes partes do cadro os catro equipos mellor clasificados na tempada 23-24 de División de Honra Prata Feminina, o resto de equipos serán encadrados por orde de clasificación na eliminatoria de cuartos; os encontros sempre se disputarán na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificados na tempada 2023/24.

CUARTOS (22 ao 28 de Agosto 2024)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
CUARTOS 1	CdeC Lavadores Vigo	Solimusic Events Carballal
CUARTOS 2	Calvo Xiria	SAR Rodavigo
CUARTOS 3	Tapería dos Chata Bm. Cangas	Oliveira Faro Saeplast Cañiza
CUARTOS 4	Rubensa Indupor Bm. Porriño	Inelsa Solar Asmubal Meaño

SEMIFINAIS (29 de Agosto ao 04 de Setembro 2024)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
SEMIFINAL 1	Gañador Cuartos 1	Gañador Cuartos 4
SEMIFINAL 2	Gañador Cuartos 2	Gañador Cuartos 3

FINAL (14 ou 15 de Setembro 2024)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
FINAL	Gañador Semifinal 1	Gañador Semifinal 2	Por determinar

As semifinais e a final serán xogadas no mesmo formato que os cuartos de final, os encontros sempre se disputarán na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificados na tempada 2023/24.

A final xogarase nunha sede designada pola Federación Galega de Balonmán, coincidindo coa final da Copa Galicia Masculina.

ARBITRAXES:

Nos cuartos de final e semifinais, os gastos de desprazamento e dietas do equipo arbitral, serán aboados polo club locatario.

CRITERIOS DE DESEMPATE EN TODAS AS ELIMINATORIAS:

NOREBA-GA

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- A participación na Copa e Supercopa Galicia será de carácter obrigatorio para todos os clubs implicados; no caso de que calquera club renuncie a participar ou realice calquera acto que adultere a competición (acudir co equipo filial, non presentarse a algún encontro, pactar resultados, etc...), a FGBm informará á Secretaría Xeral Para o Deporte para que se tomen as medidas oportunas, ademais, calquera desas dúas circunstancias implicarán a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial, a sanción será emitida polo Comité de Competición da FGBm.
- Seguro Deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de Agosto de 2024, todos os xogadores/as e staff deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición, de non ser así o encontro terá o mesmo efecto que unha incomparecencia.